

A ara de Eiras e o topónimo Lámbrica

F. González Iglesias

RESUMO

Na aldea de Eiras, provincia de Ourense, consérvase un altar romano desde tempo inmemorial, cunha inscrición adicada a Bandua por Aemilius Reburinus. Existe a posibilidade, na que todos os autores concordan, de que esa inscrición contén o topónimo antigo da citania próxima de San Cibrao das Las.

As lecturas que se realizaron do epígrafe desde 1968 son variadas e contradictorias, pero un exame detido da ara e das fotografías a ela realizadas, mostra que ese posible topónimo é Lámbrica.

Outro enigma sen resolver é o da procedencia da ara, pois a arqueoloxía “oficial” afirma, sen aportar datos que o proben, que procede do recinto central da citania de San Cibrao das Las.

ABSTRACT

In the small village of Eiras (Ourense province, Spain) is preserved an antique roman altar since many years ago. The altar has an inscription dedicated to Bandua, and it's signed by Aemilius Reburinus. Many authors agreed there's a possibility that in the inscription appears the old name of the nearby hillfort of San Cibrao das Las.

The analysis of the epigraph that have been made since the year 1968 are varied and contradictory, but a detailed examination of the altar—and the photographs taken—show that the name which appears could perfectly be “Lámbrica”.

Another unresolved enigma is the original location of the altar. Official archaeologist fonts affirm that it came from the central area of the antique city of San Cibrao das Las, but nobody has confirmed it to this day.

1. EIRAS, O PAZO E A ARA

A pequena parroquia de Eiras está constituída por unha agrupación de cinco aldeas e algún poboamento disperso. Moi cerca da igrexa parroquial, adicada á filla dun nobre romano, a mártir Uxía de Alexandría, existe un conxunto de casas fidalgas.

O coñecido como pazo de Eiras ou *Casa Grande* forma parte dese conxunto, xusto ao lado dunha árbore varias veces centenaria, chamada popularmente *A Carballa*, lugar sacralizado e cristianizado por un antigo e tradicional cruceiro desaparecido na década dos sesenta do século XX.

O pazo de Eiras consta como fundado por Xoán Vázquez de Sabariz en 1600, aínda que o soar que ocupa posúe evidencias de ter sido habitado máis de mil anos antes. Xoán Vázquez era fillo de Bartolomeu Vázquez de Sabariz, falecido en 1628, *Familiar do Santo Oficio da Inquisición*.

O actual pazo de Eiras foi reformado drasticamente nos anos trinta por Avelino Tizón, un afortunado emigrante na Arxentina. Por esas datas, o pazo estaba dividido entre diversos donos, pero *Don Avelino* unifica todas as cotas posibles da *Casa Grande*, exceptuando a do ángulo suroeste, onde estaba a antiga torre, propiedade doutra rama familiar que rexentaba unha taberna.

Nunha publicación do MARQUÉS DE QUINTANAR en 1932, *Los Pazos Gallegos*, afirmase que “*fue objeto recientemente de una desgraciada restauración en la que desapareció la escalera de piedra (...)*”. Máis abaixo engade: “*En cambio, se han sabido conservar muchas cosas, y muy bien los jardines de mirtos y flores antiguas*”.

Nese xardín atópase unha bancada de granito con planta en U, que arrodeaba a unha gran lousa tamén de pedra, que servía de mesa. A disposición e a labra da bancada de pedra posúen características da arquitectura tradicional dos pazos galegos, sendo probable a súa construción entre os séculos XVII e XVIII.

A grande lousa de pedra, fabulosa mesa digna dun xardín fidalgo, estaba sostida por un documento epigráfico de maior antigüidade que o edificio do pazo: unha ara ou altar romano que tiña na súa cara frontal unha inscrición ou epígrafe en latín. É factible supor que a ara sobrevivise case dous milleiros de anos entre os “*mirtos e as flores antigas*” que cita o MARQUÉS DE QUINTANAR.

A ara ostenta na súa parte superior o oco, *foculus*, no que se depositaban e queimaban as ofrendas. Sobre a utilización das aras ilústranos un documento da época que se conserva no Museo de Badaxoz, a denominada *Pátera Araugelensis* que, casualmente, posúe unha inscrición relacionada con Bandua: BAND ARAVGEL. Nunha escena en relevo vese a unha muller con atributos da deusa Fortuna que realiza ofrendas ou libacións. Na súa man dereita sostén unha pátera e na esquerda unha cornucopia con froitos. Nunha paisaxe natural de rochas e árbores vemos catro aras, tres delas con lume.

Na base de datos pública de *Hispania Epigraphica*, a ficha da ara de Eiras está catalogada como altar votivo, co número 16708.

A inscrición está realizada en letra capital rústica, ordenada en cinco liñas, máis coidadas e altas as superiores. A letra capital rústica tamén recibe en epigrafía o nome de acturia, empezando a utilizarse a partir do século I despois de Cristo e decaendo o seu uso ao longo do século IV. Este tipo de letra caracterízase pola súa elongación e por certa inclinación dalgúns trazos cara a esquerda. Outros trazos particulares son a falta de traveseiro frontal na letra A e a tendencia da letra B a elevarse lixeiramente por riba da parte superior da liña. Outra característica singular das letras B actuarias son as dúas “*panzas*” diferentes, máis grande a inferior que a superior.

2. HISTÓRICO DALGUNHAS LECTURAS DO EPÍGRAFE

A primeira publicación da inscrición da ara de Eiras realizase en 1968 por XAQUÍN LORENZO FERNÁNDEZ, que aporta as seguintes medidas, supoñemos que aproximadas: “*alto: 0,44; ancho: 0,28; letras: 0,06.*” Di que apareceu “*hace ya tiempo en aquellas inmediaciones, en las que es de advertir que se encuentran los castros de San Cibrán y de Eiras, ambos muy romanizados; en la última localidad se hallan con frecuencia tejas, pondus y otros restos que demuestran la existencia de habitaciones romanas.*” A lectura que realiza LORENZO FERNÁNDEZ é a que segue:

BANDU/ A IANOE/ LICA FAE/ NIRVSAE/ ARAM V(otum) S(olvit).

A seguinte publicación no tempo corresponde a JUAN CARLOS RIVAS FERNÁNDEZ, en 1973, nun artigo de longo nome titulado “Nuevas aras romanas orensanas y rectificaciones interpretativas en otros epígrafes galaico-romanos ya conocidos”, publicado no *Boletín Auriense III*. O topónimo que RIVAS le é **Lansbrica* ou **Lansbriga*. Será a lectura chamada a prosperar en ámbitos oficiais, académicos e turísticos, a pesar de que a fotografía que acompaña ao artigo, na páxina 86, non resiste ben unha comparativa coas fotografías actuais da ara:

BANDU/ A LANSB/ RICAE AE/ MILIVS RE/ BURRNVS

Nos anos seguintes sucédense outros intentos de lectura, competindo en innovación e diverxencias. En 1977, ANTONIO RODRÍGUEZ COLMENERO (*Galiccia Meridional Romana*) acepta a interpretación anterior, por parecerlle “*la más acertada*”, aínda que a rectificará en 2000, como máis adiante veremos.



Ara de Bandua de Eiras. Fotografía de xuño de 2007

ALAIN TRANOY en 1981 (*La Galice Romaine*) propón a seguinte: BANDV/ A LANOB/ RICA E AE/ MILIVS RE/ BURRINVS. O topónimo convertérase en **Lanobrica* e será seguido, entre outros, polo citado RODRÍGUEZ COLMENERO.

En 1987, BENITO PÉREZ OUTEIRIÑO publica unha comunicación en *Lucerna* (Segunda Serie, Volumen II, Centro de Estudos Humanísticos, Cámara Municipal de Camiña) “*A Cidade de San Cibrao de Las. Objectivos e resultados das ultimas intervencións arqueolóxicas*“. Conti-

núa coa tendencia orixinada en 1973 por RIVAS de que o topónimo da *citania* de San Cibrao das Las é **Lansbriga* dicindo: “*A súa lectura ten sido bastante controvertida, parecéndonos axeitada a proporcionada por J. C. Rivas*“. Na páxina 37 desta publicación podemos ver outra reprodución da ara de Eiras que tam pouco resiste moi ben unha comparativa coas fotografías actuais.

En 2000, RODRÍGUEZ COLMENERO publica en *Cuadernos de Estudios Gallegos* o artigo, tamén de longo nome, “*Sobre un suposto error epigráfico-histórico. Correcciones al ara de Bandua Aetobricus de Codesedo (Ourense) y a otros epígrafes de su amplio entorno*“. Seguindo a TRANOY, asegura que o topónimo presente na ara de Eiras é **Alanobriga* ou **Alaniobriga*, alonxándose, como xa se apuntou, da opción maioritaria de **Lansbrica*, vendo un O entre o N e o B: “*En todo caso, la gran S, clarísima para Rivas [de Lansbricae], se convierte en una O suficientemente nítida para Tranoy y para mí.*“ Aínda así, é importante destacar que na fotografía que acompaña ao artigo de RODRÍGUEZ COLMENERO pódese ver perfectamente a M de *Lambricae*.

En 2004, MANUEL VIDÁN TORREIRA publica un artigo que ofrece interese pola súa exposición diacrónica da historia da interpretación da ara de Eiras, pois adxunta algunhas fotografías xa publicadas por XAQUÍN LORENZO e RODRÍGUEZ COLMENERO. VIDÁN TORREIRA, que seica visitou a ara, viu claramente a letra M, aínda que a súa interpretación é moi diferente ás anteriores.

En 2007, Alfredo Lima, a persoa que vivía na finca, permitiu o acceso á ara, que estaba aínda no seu lugar orixinal, aínda que coa lousa superior retirada. Nesa visita fixéronse algunhas fotografías.

Hoxe sabemos que a ara foi levantada e retirada do lugar que ocupaba dende tempo inmemorial, onde sostíña unha grande mesa de pedra, xusto na

prolongación da liña axial da igrexa parroquial, a noventa metros do templo cara o punto cardinal leste, unha rara casualidade.

3. O LUGAR DE APARICIÓN DA ARA DE EIRAS

Na comunicación xa citada de PÉREZ OUTEIRIÑO de 1987 (*Lucerna*, Segunda Serie, Volumen II) afirmase, falando do castro ou *citania* de San Cibrao das Las, que:

“(...) un feito importante para a identificación deste centro urbano, aínda sen ter tido a difusión que se merece, foi o da aparición dunha ara romana adicada a Bandua conservada actualmente no Pazo de Eiras, se ben procedente dun lugar perto da Porta Oeste do Recinto interior de A Cidade (...)”

Porén, non explica en que se basea para afirmar que procede “*dun lugar perto da Porta Oeste*”. Coma el, non son poucos os autores que defenden que a ara procede do castro. Incluso algúns chegan a falar dun suposto roubo de CUEVILLAS, que levaría a ara dende o castro de San Cibrao das Las, dende a “*Porta Oeste*”, ao pazo de Eiras, para regalarlla ao seu dono *en pago da súa hospitalidade*.

Certo é que FLORENTINO LÓPEZ CUEVILLAS estivo nas escavacións do castro (el prefería máis o nome de *citania*) de San Cibrao das Las, entre os anos 1922 e 1925, sendo o primeiro que realiza traballos sistemáticos neste xacemento. Por eses anos documentaba os achados en diversas publicacións. Algúns deses artigos de CUEVILLAS foron publicados no *Boletín de la Real Academia Gallega*, aparecendo o último desa serie en 1925, no número 169, titulado “*A citania do monte “A Cidade” en San Ciprián das Lás (Conclusión)*”. Na páxina 12 fala dos achados romanos. Respéctase, por fermosa, a grafía orixinal:

“As tres moedas, únicos oujetos romanos qu’atopamos a mais d’un soilo anaco de tegula, e dos dous testos cerámicos a que denantes nos referimos, son as seguintes:

I. Gran bronce d’Emerita, moi derramado e cos letreiros completamente desaparecidos (...)”

“II. Denario da República (...)”

“III. Meio bronce de Cascantum (...)”

“(...) Que pol-a escasez d’oujetos romanos e pol-a data mesma das moedas pódese supor qu’A Cidade foi abandonada denantes da latinización da nosa terra e cicais baixo o reinado e Tiberio.”

Estes parágrafos deixan claro que, nas escavacións en San Cibrao das Las dos anos vinte, CUEVILLAS non atopou máis restos romanos que os que describe

nesa publicación. A ara, que sería claramente un resto “romano”, e moi salientable, non aparece nomeada por ningún lado.

En 1958, trinta e tres anos despois, o mesmo LÓPEZ CUEVILLAS fai unha referencia á ara de Eiras en “Mitoloxía e Historia na paisaxe de Trasalba”, publicado postumamente no libro “*Prosas Galegas*”:

“Na cima do San Trocado hai dúas ou tres árbores, e unha ermida adicada a este Varón Apostólico que, por un proceso de cristianización, se puxo no canto dun deus da paganía chamado posiblemente Bandua, a xuzgar por unha ara que se conservaba non hai moito a un cuarto de legua do monte, sostendo unha mesa de pedra na horta do pazo de Eiras.”

En síntese, CUEVILLAS atopou nas súas escavacións dos anos vinte poucos restos romanos na *citania* de San Cibrao das Las. Sen embargo, a ara é claramente unha peza romana, tanto na súa factura como na súa inscrición. É necesario pensar, se non hai probas en contra, que CUEVILLAS non ocultaría un achado de tal magnitude que puidera aparecer naquela *citania*.

Cando a cita trinta e tres anos despois nunha obra de ensaio, só di que se conservaba no pazo de Eiras, sen facer ningunha referencia á súa aparición en ningún castro. As afirmacións sen probas de que CUEVILLAS “regalou” a ara ao dono do pazo de Eiras non poden sosterse cientificamente e, ademais, crean desconfianza e sementan dúbidas sobre o bo facer dos arqueólogos.

Tampouco existe constancia da aparición da ara de modo fortuíto no castro. A “*tradición oral*”, sostida por algúns para xustificar o bulo, non pode servir como proba se non está suficientemente documentada e contrastada coa totalidade das testemuñas. Aínda así, admitir “*tradición oral*” en si mesma como proba obrigaríanos a crer ao pé da letra as historias de *mouros*, as *trabes* de alcatrán ou os tesouros do *Ciprianillo*.

Non é habitual que no recinto central das *citancias* haxa aras romanas. Este tipo de altares soen aparecer en contornas relixiosas, sobrevivindo ao paso dos séculos grazas á cristianización de cultos e de ritos. Non moi lonxe de San Cibrao das Las e de Eiras temos un exemplo en Santiago de Trasariz, onde un ara a Xúpiter se conserva aínda no interior da igrexa parroquial. Outra ara con inscrición fragmentada e ilexible está embutida nunha parede da casa reitoral, ao carón da mesma igrexa.

Aínda temos, máis cerca de San Cibrao das Las e de Eiras, outro exemplo de ara romana conservada nun contexto relixioso cristián, na capela de Santa Lucía de Erbededo, un edificio que foi parroquial de San Andrés ata o século XIX. No seu interior, un ara anepígrafa (con inscrición repicada, segundo RIVAS) cristianizouse gravándolle unha cruz potenziada de brazos iguais.

A aparición de aras vinculadas a igrexas ou a capelas fálanos da súa pervivencia como testemuñas de cultos máis antigos, que o cristianismo retoma e

adapta, reutilizándoas en moitos casos como altares ou pías bautismais, e que a comunidade está interesada en conservar.

A ara de Eiras tamén debeu de conservarse inicialmente nun contexto relixioso, ao lado dun antigo cruceiro, a poucas ducias de metros da igrexa parroquial de Santa Uxía e da súa casa reitoral. ANTONIO RODRÍGUEZ COLMENERO (*Galiccia meridional romana*), con datos de CHAMOSO LAMAS, dinos que:

“Fuentes fidedignas han hecho llegar hasta nosotros la noticia de que el señor Cura Párroco de Eiras había encontrado ocasionalmente un mosaico en su viña, que se apresuró a recubrir de nuevo, así como abundante cerámica romana. En un castro cercano existen señales de romanización. Además, en el atrio de la Iglesia aparecen grandes tégulas; y cerámica indígena en una viña próxima a la huerta del cura”.

O mosaico e as *tegulae*, unidos á ara de Bandua, sitúannos nun contexto de *villa* romana ou gran establecemento agropecuario. Nesta contorna edificáranse máis tarde a igrexa de Eiras, a casa reitoral e os pazos.

4. A CITANIA DE SAN CIBRAO DAS LAS E OS SEUS ARREDORES

O monumento castrexo, *citania*, *oppidum* ou gran cidade fortificada de San Cibrao das Las, tradicionalmente *A Ciudadá*, está situado a menos de dous quilómetros do *Pazo de Eiras*. Trátase dun gran xacemento, de máis de nove hectáreas de superficie, que ocupa terreos das dúas parroquias ourensás de Ourantes e de San Cibrao das Las.

O máis impresionante da *citania*, aparte das súas grandes dimensións, radica no feito de que nos atopamos ante unha *cidade* erixida partindo dunha soa planificación. As cidades soen crecer a partir dun núcleo orixinal, pero a *citania* de San Cibrao das Las parece que foi deseñada e construída coñecendo de antemán a poboación que ía asentarse alí, cunha curiosa planificación radial non utilizada polos arquitectos romanos, polo que estamos falando dunha planificación urbanística propia de pobos prerromanos. É posible que se trate dunha reconstrución, para a que se manexan datas próximas aos inicios da dominación romana. Pero non debemos esquecer que no lugar que ocupa a *Cidade* hai evidencias da presenza do home moi anteriores, tanto da Idade do Bronce como do Paleolítico.

É impensable imaxinarnos unha cidade sen ningunha conexión co territorio circundante. Cara ao sur, a máxima altura do monte do San Trocado (tamén chamado *Torcato*), dá paso a outro gran xacemento que mira cara ao val do Miño. Denomínase *O Castelo* e está entre as parroquias de Santa Baia de Laias e San Antonio de Barbantes-Estación (antigamente, *A Barca*). É un antigo poboado mi-

neiro no que se estudou a presenza de tanques de lavado de mineral e se documentou ouro nos filóns explotados na mina da *Moura*.

Nas escavacións de urxencia, cuxos resultados foron publicados por ÁLVAREZ GONZÁLEZ e LÓPEZ GONZÁLEZ en 1999, atoparon silos que presentan “*una estructura rectangular con unas medidas que (...) tienen una media de 1 x 1,5 m. Tienen el suelo muy bien protegido a base de una primera capa de entramado vegetal revestido de una arcilla muy decantada sobre el que se colocan tablas de madera o corteza de alcornoque. Las paredes se construyen también a base de elementos trenzados y recubiertos de arcilla.*”

Continúan dicindo que “*en la mayoría de los silos se conservaban restos principalmente de distintos granos de cereales mezclados*” particularmente paínzo e trigo, ademais de fabas (que son legumes). Tamén falan de pequenas construcións circulares de reducidas dimensións e con zócolos de cachotaría, “*relacionadas con el almacenamiento, dado su tamaño, la ausencia de materiales en su interior y la buena preparación de sus pavimentos*”.

Deste xacemento do *Castelo* publicáronse datacións que oscilan entre o século IV e o século II antes de Cristo, aínda que “*apareció en un nivel inferior una fecha del siglo VIII*”. A súa superficie era superior ás dez hectáreas, pero non foi ben estudado nin, moito menos, conservado, porque as obras da autovía *Rías Baixas* non se puideron desviar por “*imposibilidad técnica*”.

Vimos que había evidencias de almacenamento de cereais e legumes nun poboado prerromano, en construcións que recordan a hórreos primitivos. Pero é evidente que os cultivos, polas súas necesidades edafolóxicas, non poderían obterse no poboado de *Laias*, polo que se ven como necesarios os establecementos agropecuarios en zonas baixas e chairas, nas que se posúen maiores posibilidades para a produción de alimentos e así alimentar aos poboados mineiros e ás *citánias*.

Outros pequenos castros espállanse polos arredores de San Cibrao das Las: Hai restos castrexos no propio monte do San Trocado, en Xinzo (*Castro Martiño*), en Eiras (cerca do pazo onde se conservou a ara), en Salamonde, en Ourantes (cerca da igrexa desta parroquia), en Beariz... Exceptuando o do San Trocado, todos os demais están en zonas aptas para a agricultura, en lugares nos que perviviron aldeas ata a actualidade.

É posible que cando se planifica e constrúe a actual *citania* de San Cibrao das Las e Ourantes, a poboación xa vivira dispersa por aquelas terras. É posible, tamén, que a aparición de certos perigos incidira na decisión de construír a fortificación, aínda que tamén é obvio pensar que a fortificación serviría simultaneamente para obter un control sobre o propio territorio circundante.

Dende a aldea da *Barca*, na ribeira do río Miño, unha calzada lousada chegaba ata o castro de San Cibrao das Las e Ourantes, entrando na *citania* pola súa porta oriental. O que facía a calzada empedrada, da que aínda se poden ver algúns

treitos, era unir a *citania* cunha importante vía fluvial, o Miño, famoso pola súa navegabilidade na Antigüidade. Lamentablemente, parte desta vella calzada empedrada pereceu tamén baixo as obras da autovía A-52.

Na *citania de San Cibrao das Las* aparecen evidencias de talleres, particularmente de transformacións metálicas, a xulgar pola gran cantidade de restos de escouras que se atopan nas escavacións. Fálase dunha poboación que podería superar os dous mil habitantes.

Pero unha cidade amurallada no alto dun outeiro non podería manter a cerca de 2.000 habitantes sen a obtención dos recursos alimenticios, máis fáciles de cultivar e abundantes nas zonas baixas, ben fose na ribeira do Miño ou nas máis próximas terras chairas e fértiles de Cristimil, Loucía e Eiras.

A zona central do castro, á que se lle asigna un carácter ritual ou sacro, puido tamén ter a finalidade de albergar eses recursos alimenticios, como pasaba en Laias. Os produtos agropecuarios chegarían, posiblemente en forma de tributo, dos lugares circundantes e servirían para a manutención dos habitantes que vivían dentro da fortificación, nun lugar cuxas condicións orográficas e edáficas non son aptas para a agricultura. Ademais, a profusión coa que aparecen muíños circulares, tanto nas escavacións da *citania* de San Cibrao das Las coma en Laias, fai pensar na súa presenza xeneralizada en cada unidade familiar e na utilización cotiá de cereais para a manutención.

A observación da imposibilidade de obter cultivos na *citania* facilitará a comprensión para incluír as terras da parroquia de Eiras, entre outras, dentro dos límites do ámbito agropecuario que arrodeaba á fortificación castrexa. Os territorios circundantes aportarían tamén, moi posiblemente, man de obra para as actividades de transformación realizadas dentro dos muros do castro e para a súa defensa.



Calzada a Lámbrica. Treito en Barbantes-Estación

Se pensamos que as zonas baixas arredor da *citania* estiveron habitadas non será difícil chegar á conclusión de que nun lugar determinado un potentado erixise un ara a unha divindade, do mesmo xeito que o farían en Trasariz ou en Erbededo, os dous exemplos que xa se citaron de aras próximas.

5. UNHA DIVINDADE GALAICO-LUSITANA NUNHA ARA ROMANA

As conquistas do Imperio romano conlevan, simultaneamente á aportación de cultos propios, a adopción de cultos das terras conquistadas, dando lugar a cambios nas crenzas, mesturando aportacións indíxenas e romanas e incluso variando significados, fenómeno que se ten definido como sincretismo.

Bandua, entendendo como tal as diversas variantes do teónimo (*Bandi, Bandei, Bande, Bandu, Bandue, Banduae, Bandiae*), é unha divindade prerromana cuxo culto está ben documentado no occidente da península ibérica, pois sábese dunhas corenta inscricións romanas, dende a provincia de Badaxoz á de Lugo. A maior concentración de inscricións prodúcese no distrito portugués de Castelo Branco e nas provincias de Cáceres e Ourense, ocupando, por tanto, territorios adscritos aos lusitanos e aos galaicos.

A extensión territorial do culto a Bandua na época romana pode darnos idea da importancia que debeu ter na Idade do Ferro da Península ibérica. Con todo, da natureza e dos atributos de tal divindade non existen máis que suposicións.

Algúns autores, como UNTERMANN, DE HOZ, SAYAS ABENGOECHEA ou LÓPEZ MELERO, manteñen a posibilidade de que *Bandue* se trate dun nome común pertencente á lingua lusitana, do tipo de *deus, tutela* ou *lar*, que iría sempre concretado por un epíteto, que nos pode informar sobre a súa función ou sobre o territorio ou pobo ao que protexe e que lle rende culto.

6. REBURRINUS

Coñecemos máis dun cento de inscricións con *Reburrinus, Reburрино, Reburrina, Reburriini, Reburro* o *Reburra*, en epitafios sepulcrais, aras e estampillados cerámicos. Estas inscricións están dispersas polo territorio en lugares tan diversos como as provincias españolas de Palencia, Salamanca, Tarragona e Huelva, ou os distritos portugueses de Bragança e Castelo Branco. As inscricións conservadas aluden moitas veces a personaxes que ostentaban cargos administrativos ou militares, e as datacións dos epitafios soen estar entre os séculos I e II despois de Cristo.

SANTOS YANGUAS fálanos, nun artigo de 2004, dalgúns soldados do noroeste que serviron na Garda Pretoriana en Roma. De cinco casos que analiza, dous ostentan o *cognomen* Reburro: *Lucio Pompeyo Reburro Fabro* e *Lucio Emilio Reburro*. Ambos proceden do Convento Lucense e o autor sitúaos cronoloxicamente entre os anos finais do século I e principios do século II.

Pola súa parte, PITILLAS SALAÑER, nun artigo en 2002, fálanos do “*papel civil del ejército en su faceta constructiva, en trabajos de ingeniería, en la acuñación, difusión y utilización de monedas, en tareas de explotación minera, con la consiguiente aportación de mano de obra técnica, y en trabajos relacionados con la extracción del metal precioso (...)*”.

Non sabemos nada da vida do noso *Emilio*, salvo que posúe un nome claramente romano e un *cognomen* moi coñecido na Península ibérica, de posible orixe galaica ou lusitana, pero non é difícil imaxinalo como un potentado que ostentaría algún cargo administrativo ou militar nunha zona mineira na beira dereita do tramo medio do río Miño, onde estaba Lámbrica.



Ara de Bandua no xardín do pazo de Eiras

7. PROPOSTA DE LECTURA E ALGÚNS PROBLEMAS QUE PRESENTA

A lectura que se propón é resultado da visita *in situ* en xuño de 2007, corroborada polas fotografías obtidas e contrastada con fotografías de terceiros:

BANDV/ ? LAMB/ RICAE AE/ MILIVS RE/ BVRRNVS

A inscrición preséntanos o nome da divindade, o teónimo, en primeira liña, BANDV, e o suposto topónimo do castro ou do seu territorio, LAMBRICAE (= *Lambrigae, de Lámbrica* ou *de Lámbriga*), entre a segunda liña e a terceira.

É convinte advertir que a asociación *BANDVA LAMBRICAE, difundida en moitos artigos e folletos, non parece correcta porque o complemento debería concordar co teónimo en xénero, número e caso. Sería necesario que puxese BANDVE (ou BANDVAE) para darse esta concordancia.

Ademais, entre BANDV e LAMBRICAE existe un carácter, nexo, abreviatura ou letra, que se sinala co signo “?”, que infunde certo misterio ao epígrafe. Tense lido moitas veces como A, pero a súa disposición é máis parecida a un R. Se se descifrase, podería darnos a clave da ausencia de concordancia entre o teónimo e o complemento. Estas dúas cuestións, a da concordancia e a da identificación da primeira letra da segunda liña, están aínda por resolver.

8. O PSEUDOTOPÓNIMO *LÁNSBRICA

Os problemas nas lecturas teñen que ver directamente coa erosión da peza, pero tamén co repaso incorrecto dalgunha suposta letra S cun instrumento punzante, que contribuíu definitivamente á lectura e popularización do falso topónimo **Lansbrica*. Esta difusión prodúcese a partir da lectura de RIVAS en 1973,

seguida por moitos autores como ÁLVAREZ GONZÁLEZ, LÓPEZ GONZÁLEZ, FERNÁNDEZ GÖTZ, GARCÍA QUINTELA, PÉREZ OUTEIRIÑO ou CALO LOURIDO, entre outros.

A dificultade para la lectura é máxima nas dúas derradeiras letras da segunda liña, MB, onde RIVAS “viu” tres letras: NSB. Pero a penúltima letra (antepenúltima para a lectura de RIVAS) non pode ser un N pola distinta inclinación dos trazos verticais, se a comparamos co M de AEMILIVS, situada ao inicio da cuarta liña.



Primeiras liñas do epígrafe.

Tamén podemos comparala co N de BANDV, que está na primeira liña, para percibir que os trazos verticais do M tenden a inclinarse máis cara á esquerda na súa parte superior.

Por outra parte, a derradeira letra da segunda liña é claramente un B, elegante e ampla como a da primeira liña (de BANDV), e de medidas moi similares. A maioría dos autores len un B, como facía RIVAS, pero existe unha clara discrepancia en canto ao seu trazado e amplitude, pois o B que debuxa RIVAS incumpre as características das letras B actuarias: nin tende a elevarse lixeiramente por encima da liña superior das demais letras nin mostra a “panza” inferior algo maior que a superior, nin ostenta a lixeira inclinación cara á esquerda, que podemos observar no B de BANDV presente na primeira liña.

É dicir, que o “B” de RIVAS na segunda liña (en **Lansbricae*) é moi diferente en forma e medidas desa primeira letra de BANDV, presentándose como esaxeradamente estreito e demasiado aproximado ao “S” que propón.

Pola súa parte, o “S” que “ve” RIVAS tamén debe compararse morfoloxicamente coas outras letras S do epígrafe (AemilivS, ReburriuS) para ver as diferenzas. Percíbese, ademais, que ese suposto “S” presentaría un enlace difícil co “N” que tamén propón, non gardando a proporcionalidade que se percibe entre letra e pausa nos outros caracteres da inscrición.

O “N” de RIVAS é en realidade unha parte dun M, que continuaría cun B moi erosionado. A erosión deste B e da derradeira pata do M (que levou a ver un N) daría lugar á confusión, pois onde realmente se gravou MB, RIVAS e os seus seguidores leron NSB. Polo tanto, se non existen as tres letras (NSB) non é posible que poña **Lansbrica*.

Outra cuestión, non menos relevante, é a ocultación ao público da ara, aspecto que aumenta as dificultades para que os investigadores independentes poidan estudar directamente a peza. O resultado deste *agochamento* é o total descoñecemento do epígrafe por parte da veciñanza e pola maioría da poboación, precisamente a que fai posible, cos seus impostos, as cuantiosas subvencións que se destinan a escavadores, expositores, difusores e conservadores profesionais do patrimonio.

Para finalizar este apartado, advertir que o topónimo **Lansbrica* carece tamén do necesario contraste ou comparación con outros similares, pois a raíz *Lans-* non figura en ningún nome de lugar coñecido do mundo occidental. ALAIN TRANOY afirmaba en *La Galice romaine* que non é habitual a posición de S antes de B nos



Acceso QR a fotografías en cor da ara de Eiras e a textos en castelán

topónimos en -briga, e o mesmo PÉREZ OUTEIRIÑO cualificou no seu momento a **Lansbrica* como cidade “*descoñecida para os historiadores romanos*”.

9. O TOPÓNIMO LÁMBRICA

Ao contrario que **Lansbrica*, Lámbrica si é un nome de lugar presente xa no mundo prerromano. Existe documentación de autores clásicos que sitúan, cando menos, unha cidade con ese nome no noroeste da península ibérica, como POMPONIO MELA, cuxa Lámbrica continúa sen ser identificada, pese aos diversos intentos infrutuosos, tanto en Galiza coma en Portugal. Pero aquí o que debe destacarse é que ese topónimo existiu na Antigüidade e, polo tanto, foi susceptible de repetirse noutras contornas xeográficas, como ocorreu sempre cos nomes de lugar.

Ademais, a raíz LAM- tamén podemos rastrexala noutros topónimos peninsulares. Sen ánimo de establecer paralelismos sobre o seu significado, mencionar a cidade de *Laminium*, en Alhambra (Ciudad Real), un xacemento romano de época republicana que ocupa o solar dun antigo enclave chairego, nunha pequena meseta, que permitía controlar un extenso territorio. Antes de ser intervido por Roma tamén era un importante *oppidum*, neste caso ibérico, cuxa poboación se viña asentando nese lugar dende a Idade do Bronce.

Sería moi interesante, máis parece tarefa imposible, saber como era en tempos de *Emilio Reburriño* a pronunciación da letra L de *Lámbrica*. Poderíamos, a xeito de hipótese, intentar relacionala cos topónimos *Chaira* e *Chao*, e supor que puido pronunciarse como algo parecido ao son actual representado polo noso dígrafo CH, que era inexistente en latín. Tamén cabería a posibilidade de que se pronunciase como o son actual que escribimos como LL, que tamén era descoñecido para os romanos.

Como curiosidade, dicir que existe certa identificación ou confusión entre os sons representados polo dígrafo CH e a letra L, que podemos aínda hoxe detectar no occidente asturiano. Un exemplo poderían ser os topónimos de *San Chuís* e *San Luís*, utilizados indistintamente en Pola de Allande (Asturias) para referirse a un castro que alí se atopa, o que nos ilustra sobre a similitude no significado de dous fonemas que, a primeira vista, poderían parecer nos tan distintos.

Voltando a San Cibrao das Las, a ladeira occidental do monte no que se ergueu a *citania* coñecese aínda hoxe entre os seus veciños como *A Chaira*. Algo máis alonxado, cara ao occidente, situamos outro interesante microtopónimo, *O Monte do Chao*, un monte tendente a ser chairo na súa parte superior, entre as parroquias de Eiras e Vilarderrei.

Outro topónimo, máis coñecido, dá nome a toda unha comarca situada ao leste da *citania*, *Os Chaos de Amoeiro*, unha unidade orográfica similar á de San Cibrao das Las, coa que mantén un interesante contacto visual por enriba do val do río Barbantiño.

Trátase de antigas formacións graníticas que deron lugar a paisaxes de bocarribeira, elevándose entre 300 e 400 metros de altitude desde o val Miño, pero con orografías suaves e case chairas nas súas cimas, só interrompidas por vales de regueiros e por pequenos outeiros.

É, polo exposto, crible que LÁMBRICA tivese o significado de ‘*Cidade Forte da Chaira*’ ou, se se prefire, ‘*Cidade Forte dos Chaos*’, unha ampla comarca natural cunha disposición orográfica particular, cuxo topónimo foi gardado na denominación medieval dos *Chaos de Castela* e na actual comarca dos *Chaos de Amoeiro*.

Noutras terras tampouco é difícil atopar topónimos con *Chan*, *Chao* ou *Chano*. Relacionados con castros e sen saír do noroeste peninsular podemos citar algúns: *Chan da Pena* en Pedrafita do Cebreiro (Lugo), *Castro de A Chan* en Barro (Pontevedra), *Castro de Chano* na comarca do Bierzo (León), *Chan do Castro* en Santiago de Compostela e *Chao Samartín* en Grandas de Salime (Asturias).

Finalmente, a terminación en *-brica* (ao igual que *-briga*) é de orixe celta ou indoeuropea e tradúcese como *fortaleza* ou *cidade forte*, pero tamén pode significar *lugar alto*. A presenza deste topónimo na ara de Eiras fai pensar nun poboamento da Idade do Ferro, anterior á chegada dos romanos que, unha vez reconstruído e debidamente fortificado, conservaría o seu nome nas memorias daquelas xentes, ata que foi gravado polos canteiros de *Emilio Reburriño* na ara da súa *villa* de Eiras, alá entre os séculos II e III despois de Cristo.

10. CONCLUSIÓNS

Non existe constancia de que a ara de Eiras aparecese no castro ou *citania* de San Cibrao das Las. CUEVILLAS non documenta a ara nas súas escavacións dos anos vinte. Cando cita a ara de Eiras, nos anos cincuenta, tampouco di nada sobre a súa suposta aparición na *citania*.

As aras ou altares romanos soen aparecer en contornas relixiosas, conservándose grazas á súa adopción ou reutilización polo novo culto cristián, como ocorre en Trasariz e en Erbededo. A ara de Eiras non está no interior da igrexa, pero conservouse a poucos metros dela e ao lado dun cruceiro, nun contexto arqueolóxico de *villa* romana.

É necesario entender o territorio que arrodea á *citania* de San Cibrao das Las e Ourantes como produtor dos recursos agropecuarios suficientes para a man-

tenza da poboación que vivía intramuros. As terras serían cultivadas pola poboación dispersa en aldeas (*pagus*) ou *villae*. Entre os lugares con terras aptas para o cultivo, na contorna da *citania*, está a actual parroquia de Eiras, na que se detectaron evidencias da existencia dunha *villa* romana, e onde, dende tempo inmemorial, se conservou a ara de Bandua.

O difundido topónimo **Lansbrica* non figura na inscrición da ara de Eiras. As dificultades para a súa lectura e a desidia das administracións culturais contribúen á difusión dun topónimo irreal ou pseudotopónimo.

Lámbrica, con todo, é un topónimo coñecido no mundo prerromano, real, que podemos relacionar coa microtoponimia dos arredores da *citania*, *A Chaira*, e por outros similares algo máis alonxados.

O nome de orixe celta en *-brica* (*-briga*) obríganos tamén a replantexarnos as datacións dos inicios da *citania*, situándoa, polo menos, entre os séculos V a III antes de Cristo, en plena Idade do Ferro. Non obstante, a actual configuración urbanística do xacemento podemos entendela como debida a unha posible reconstrución a partires do século II antes de Cristo.

Xeralmente, as inscricións en aras romanas non soen datarse antes dos séculos II ou III despois de Cristo, sendo por iso problemático pensar en que o epígrafe da ara de Eiras fose realizado e utilizado na *citania* nunha época na que comezaba, precisamente, a súa decadencia.

11. BIBLIOGRAFÍA

ALAIN TRANOY. *La Galice romaine. Recherches sur le nord-ouest de la péninsule ibérique dans l'Antiquité*. Diffusion de Boccard. París. 1981.

ÁLVAREZ GONZÁLEZ, Y.; LÓPEZ GONZÁLEZ, F.: "La secuencia cultural del asentamiento de Laias: evolución espacial y funcional del poblado" en *3º Congreso de Arqueología Peninsular. Actas. Vol. V. Proto-historia da península ibérica*. ADECAP. Porto. 2000.

ÁLVAREZ GONZÁLEZ Y.; LÓPEZ GONZÁLEZ L.; FERNÁNDEZ GÖTZ, M.; GARCÍA QUINTELA, M.: "El *oppidum* de San Cibrán de Las y el papel de la religión en los procesos de centralización de la Edad del Hierro", en *Cuadernos de Prehistoria y Arqueología* 43. 2017. Pp. 217-239. Universidad Autónoma de Madrid. ISSN 0211-1608, ISSN Dixital: 2530-3589.

GONZÁLEZ IGLESIAS, F.: "O patrimonio, esquecido, no San Amaro. Análise da situación do patrimonio nun concello rural na provincia de Ourense". en *Ágora do Orcellón* 17. Páx. 38-52. Vigo. Marzo de 2009. ISSN 1577-3205.

- LÓPEZ CUEVILLAS, F.: “A citania do monte “A Cidade” en San Ciprián das Lás (Concrusión)”. *Boletín de la Real Academia Gallega*. Año XX, núm. 169. A Coruña, 1925.
- MUÑOZ LLAMOSAS V.: “La *interpretatio* romana del dios prerromano Bandue”, en *Veleia*. Número 22, págs. 145-152. ISSN 0213-2095.
- MARQUÉS DE QUINTANAR, OZORES PEDROSA, X., CAO MOURE, J. *Los Pazos Gallegos*. Cuaderno VII. Editorial PPKO. Vigo. 1932.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B.: “A Cidade de San Cibrán de Las. *Objetivos e resultados das últimas intervencións arqueológicas (1982-1983)*”, en *Lucerna*, segunda série-vol. II. Centro de Estudos Humanísticos. Porto, 1987.
- PÉREZ OUTEIRIÑO, B.: “Informe sobre las excavaciones arqueológicas de A Cidade de san Cibrán de Las (San Amaro-Punxín, Ourense)”, en *Noticiario arqueológico Hispánico* 22. Madrid, 1985.
- PITILLAS SALAÑER R.: “Soldados procedentes del noroeste de Hispania con el cognomen Reburris-Reburinus”, en *Hispania Antiqua* 26, pp. 25-34. Valladolid, 2002.
- RIVAS FERNÁNDEZ J. C.: “Nuevas aras romanas y rectificaciones interpretativas en torno a otros epígrafes galaico-romanos ya conocidos”. *Boletín Auriense*, III. 1973.
- RODRÍGUEZ COLMENERO A.: “Sobre un supuesto error epigráfico-histórico. Correcciones al ara de *Bandua Aetobricus* de Codesedo (Ourense) y a otros epígrafes de su amplio entorno”. *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Tomo XLVII, Fascículo 113, Santiago 2000.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *Galicia meridional romana*. Universidad de Deusto, 1977.
- RODRÍGUEZ COLMENERO, A.: *Aquae Flaviae I. Fontes epigráficas*. Universidade de Chaves. 1987.
- SANTOS YANGUAS, F.: “Militares galaicos en las cohortes pretorianas”, en *Espacio, tiempo y forma. Serie II. Historia antigua*, Nº 27. Pp. 185-195. Madrid, 2014. ISSN 1130-1082.
- VIDÁN TORREIRA, M.: “Pambre y el enigma del ara de Eiras”, en *Nalgures*, tomo I. Páx. 335. A Coruña, 2004.



F. González Iglesias

